

## É VERAU E CONTINUAMOS CON CHAPAPOTE.

Nos areais da Lanzada e San Vicente non hai navallas. Isto din os mariñeiros que as apañan normalmente nesta época. As navallas teñen unha especial sensibilidade ao piche, apresentando unha grande mortandade. Tamén sabemos que faltan crias e que non hai desove, en xeral, como normalmente tería que haber xa nestas alturas. Isto é consecuencia normal do forte ataque a que foi submetido o noso litoral.

Os representantes das Plataformas pola defensa das Rias de Pontevedra, Arousa, e Vigo, entrevistáronse có “Comisionado para medio ambiente”, Xan Novoa, Coa finalidade de lle dar información acerca do estado dos fondos mariños : á data de 8 de Xullo, eles encontraron bastante fuel nos fondos das illas da entrada de Arousa, Vionta, illote do Areoso, e Rua.

A falta dun plan estruturado de remediación, é o resultado lóxico de misturar a “política” có senso común. Os científicos queíxanse da carencia dunha infraestrutura técnica e científica que permita facer un diagnóstico certo para poder elaborar unha denuncia global acerca do estado dos fondos e das ribeiras.

No que nos toca, desde NM sempre mantivemos que non había nin que enganar nin que enganarse. Os problemas só poden solucionarse se son enfrentados.

Apareceu tamén fuel en Razo ,Baldaio, pedra do Sal A Cabreira A Esplanada , Lamporteira. O Concello de Fisterra voltou ser castigado coa negra maldición, entrando bastante piche no Sardiñeiro. Ao que parece é piche fresco, polo cheiro, e polo aspecto.

Desde esta páxina voltamos reclamar o dereito a estarmos informados, a poder actuar como parte afectada fronte á má actuación da nosa administración, e á elaboración dun plano racional de remediación dos danos nos ecosistemas e de continxencia face á posibles accidentes, que non volten ser transformados en catástrofes por políticos ineptos.

### MEXILÓN DE OURO.

No IX festival do mexilón en Vigo, déuselle o mexilón de ouro ao patrón maior da Confraría Sn. Francisco, polo seu constante esforzo en defender os intereses dos mariñeiros.

Vaia contraste coas medallas que Fraga distribue aos seus amigos do PP, por seren uns “hachas” do esperpento e da malcrianza gobernando este país como se fose a súa fica privada.

### MEDALLA DE OURO AO POVO GALEGO

A Plataforma Nunca Máis decidiu dar a medalla de Galicia ao sufrido povo galego, que defende os seus intereses desasistido dos seus gobernantes que non saben nen queren solucionar os problemas que eles mesmos xeran, e aínda cobran por iso!

### PLEBISCITO POPULAR

Desde o día 17 deste mes estase a facer unha consulta popular, para saber que opinan os cidadáns acerca da concesión da “Medalla de Galicia” ao Cascos, e á L.de Palacio. En Lugo puxéronse urnas nas mesas que acostuma a pór a Plataforma na Praza Maior, luns ,xoves e venres. Sabemos que había cola para ir votar. Imaxinamos o que a xente de Lugo opina (sic).

**O DIA 25**  
**dia da patria**  
**tod@s a Compostela**

